

Toujours Après Minuit

D

Ana Matey

O

Nuria Sotelo

E

Begoña Cuquejo

S

Voadora

Hiroaki Umeda

Clara Ferrao

C

Miguel Moreira

B

David Torres

Paula Quintas

N

Matarile

M

María Roja

Teatro Praga

O

Kirenia Martínez

Marc Caellas

S

Útero Teatro

Sleepwalk Collective

Julio Fer

**Festival de
inverno de
teatro,
danza e
arte en
acción**

**18–21 feb
2021 Gaiás,
Cidade da
Cultura**

cidadedacultura.gal



Xacobeo 2021

Escenas do Cambio 2021

Compartir en tempos de distanciamento é tan necesario como a propia arte de exhibir. Os espazos adquiren máis ca nunca a importancia como lugar do percorrido e tamén da parada.

As compañías e artistas convidadas a *Escenas do cambio 2021* cargan os seus traballos dun afecto simbólico para convivir nun lugar de tránsito: as rúas, a Cidade da Cultura, o teatro... e así manter vivo e en vivo a arte da escena.

O fío condutor máis importante de este *Escenas* é por tanto: o espazo, un espazo cambiante que se emprega para o encontro mesurado pola pandemia.

Chea de múltiples xéneros, de ambigüidade e de contemporaneidade, esta edición abre as portas a creacións diversas nas que cada quen fala desde a liberación de poder actuar ante o público.

Proxectos por estrear, estreados con atraso, ou creados en *site specific* darán como resultado a continuidade dos propios artistas e do festival como vínculo de todos/as eles/as.

Escenas do cambio 2021 énchese de:

— **Propostas multidisciplinares:** O recordo como punto temático, efémero e complexo. Escribir poemas en mistos para que a poesía siga viva, pasear da man de Robert Walser por Santiago de Compostela para que a liberdade creativa do escritor estoure na cidade.

A lembranza dos que nos deixaron por propia vontade nas notas de suicidio ou avanzar repasando o noso pasado en *Antes*. Profundar no recordo dos clásicos nunha nova visión contemporánea con *Romeo e Julieta a partir de Prokoviev*.

E coas francesas *Toujours après minuit* evocar o seu primeiro traballo de finais do S. XX; pasado e presente máis unidos ca nunca na palabra e no xesto.

— **Innovación** inherente ás compañías: *Matarile* e *Voadora* seguen escudriñando temáticas para modificar un teatro obsoleto de fórmulas trilladas dando paso a súa maneira de expor os novos formatos.

Así mesmo, *Sleepwalk Collective* continúa esta liña de innovación recreando un espazo e un discurso subversivos desde a orixe dos nosos pensamentos infantís trazados por o lapis de Walt Disney.

Desde O Xapón, o vídeo-evento de Hiroaki Umeda, levaranos a contemplar a súa danza en tempo real, realizada a miles de quilómetros.

— **Site specific:** Tomando espazos e explorando neles, tanto Ana Matey como Nuria Sotelo, María Roja, Kirenía Martínez, Paula Quintas, Begoña Cuquejo e Clara Ferrao, farán que a Cidade da Cultura se mergulla nos seus corpos e viceversa, a través dun traxecto único e irrepitible.

Todos e todas terán como centro os espazos tanto virtuais como físicos para combater as distancias e para perseverar na proximidade.

Lola Correa

Directora artística
Festival Escenas
do cambio 2021

P

18 de febreiro

12.00h | Obradoiro **Como escribir poemas en mistos para recitar, compartir ou deixar que o vento os leve**, de Julio Fer. Fundación Granell

16.30h | Obradoiro **Como escribir poemas en mistos para recitar, compartir ou deixar que o vento os leve**, de Julio Fer. Fundación Granell

18.00h | **El cómo quieres**, de Toujours après minuit. Cidade da Cultura. CINC. Auditorio 2

19.00h | **Intensional Particle** + Conferencia de Hiroaki Umeda. Peza de danza retransmitida en directo desde O Xapón. Cidade da Cultura. CINC. Auditorio 1

20.00h | **Sincro**, de Voadora. Cidade da Cultura de Galicia. Museo Centro Gaiás. Sala 1.

19 de febreiro

12.00h | Obradoiro **Como escribir poemas en mistos para recitar, compartir ou deixar que o vento os leve**, de Julio Fer. Fundación Granell

16.30h | Obradoiro **Como escribir poemas en mistos para recitar, compartir ou deixar que o vento os leve**, de Julio Fer. Fundación Granell

18.00h | **Suicide notes**, de Marc Caellas & David Torres. Cidade da Cultura. Museo Centro Gaiás. Sala 1

21.00h | **Antes**, de Teatro Praga. Salón Teatro

20 de febreiro

12.00h | **O paseo de Robert Walser**, de Marc Caellas. Itinerante pola cidade de Compostela

19.00h | **Romeo e Julieta a partir de Prokofiev**, de Miguel Moreira e Útero Teatro. Cidade da Cultura. Museo Centro Gaiás. Sala 1

21.00h | **El diablo en la playa**, de Matarile. Cidade da Cultura. Salón de Convencións.

21 de febreiro

12.00h | **El paseo de Robert Walser**, de Marc Caellas. Itinerante pola cidade de Compostela

17.30h | **Conversaciones 10. Sobre la distancia** de Ana Matey. Cidade da Cultura. Torres Hejduk

18.30h | **Escenas en danza**, de Nuria Sotelo, Begoña Cuquejo, Kirenía Martínez, Clara Ferrao, María Roja e Paula Quintas. Itinerante pola Cidade da Cultura.

20.00h | **Psychodrama** de Sleepwalk Collective. Cidade da Cultura. Museo Centro Gaiás. Sala 1.

Esta programación poderá estar suxeita a **cambios non previstos** no momento da publicación deste programa

Escenas do cambio en cifras

Número de obras

11 pezas + 1 obradoiro poético (*Como escribir poemas en mistos para recitar, compartir ou deixar que o vento os leve*)

Estreas absolutas

Escenas en danza de Nuria Sotelo, Begoña Cuquejo, Kineria, Clara Ferrao, María Roja e Paula Quintas

Conversaciones 10. Sobre la distancia, de Ana Matey

Estreas en España

Intensional Particle de Hiroaki Umeda

Sincro de Voadora

Romeo e Julieta a partir de Prokofiev, de Miguel Moreira e Útero Teatro

Sétima edición do Festival

Institucións colaboradoras:

Ao igual que en todas as súas edicións, Escenas do cambio 2020 conta con entidades colaboradoras galegas como o Centro Dramático Galego de AGADIC, a Secretaría Xeral de Igualdade, o Concello de Santiago e a Fundación Eugenio Granell, dentro da liña de estender a programación máis aló do Gaiás. Ademais, de fóra de Galicia colaboran o INAEM, o Institut Français, o Institut Ramón Llull e o Instituto Camões.

Procedencia de artistas/compañías

España (Galicia, Castela e León, Madrid e Cataluña)

Portugal

Francia

O Reino Unido

O Xapón

Artistas/Compañías galegas que participan

Voadora con *Sincro*

Matarile Teatro con *El diablo en la playa*

Nuria Sotelo, Begoña Cuquejo, Kineria, Clara Ferrao, María Roja e Paula Quintas con *Escenas en danza*

Pezas de danza

Intensional Particle de Hiroaki Umeda

Romeo e Julieta a partir de Prokofiev de Miguel Moreira e Útero Teatro

Escenas en danza de Nuria Sotelo, Begoña Cuquejo, Kineria, Clara Ferrao, María Roja e Paula Quintas

Obradoiro formativo

Como escribir poemas en mistos para recitar, compartir ou deixar que o vento os leve de Julio Fer

B

R

O

A

S

Obradoiro**Como escribir
poemas en mistos
para recitar,
compartir ou
deixar que o vento
os leve****Julio Fernández Peláez
(Julio Fer, Castela e León)****Xoves 18 e Venres
19 de febreiro, de
12 a 13h / de 16.30 a
17.30h****Fundación Granel**

Poesía visual

Número de sesións: 4 Máximo
de participantes por sesión: 15

Duración de cada sesión: 55'

Taller, conferencia, relato de vida e unha fugaz exposición. Todo isto é este obradoiro de Julio Fer, no que as persoas asistentes poderán intervir poeticamente os mistos (sen cabeza) que o performer poñerá á súa disposición de acordo coas breves instrucións que se impartirán ao principio da sesión.

Á vez que os participantes se concentran na súa (in) frutuosa tarefa de escritura, escoitarán ao performer todas as posibilidades teóricas e prácticas que ten a poesía en mistos (e en caixas de mistos), tratando de non perder a concentración.

O evento é un acto de sinceridade, no senso no que o performer leva realmente toda a súa vida investigando as posibilidades deste simple obxecto para queimar.



**‘Como escribir
poemas en mistos
para recitar,
compartir ou deixar
que o vento os leve’**

**Julio Fernández
Peláez (Julio Fer)**

Ao finalizar o taller, asistentes e performer compartirán experiencias; podéndose dar o caso de queimar ao mesmo tempo os poemas realizados. Así mesmo, os e as participantes poderán contemplar todos os obxectos sobre os que fala o performer na súa conferencia, e outros moitos máis non mencionados (ao redor de 40 caixas diferentes e multitude de poemas soltos).

Julio Fernández Peláez

É doutor pola Universidade de Alcalá en Estudos Literarios, Lingüísticos e Teatrais. Desde 1989 traballa no ámbito da performance e a escena contemporánea, colaborando con diferentes compañías e fundando outras: La Fragua Verde, Inaudita.org ou Anómico Teatro. As súas últimas obras como creador escénico foron *Cartas de amor a los árboles*, *Mer o lo invisible* e *Paisajes de extinción*. Publicou unha vintea de libros de poesía, teatro e novela, entre os que destacan: *Sembraré recuerdo* ou *Efímera incandescencia*. Entre os premios recibidos está o Premio Internacional de Poesía Experimental Ciudad de Badajoz e o Premio Teatro x la Justicia (Buenos Aires). Entre 2009 y 2011 dirixiu o festival “Poéticas para unha vida”. Así mesmo, impulsou durante varios anos a revista NÚA de artes escénicas e performativas, e na actualidade é editor de Ediciones Invasoras.



El cómo quieres

**Xoves 18 de
febreiro, 18h**

**Cidade da Cultura.
CINC. Auditorio 2**

Duración: 45'

Teatro Físico-textual

Estrea en Galicia. Revisión
do seu primeiro traballo
(1997)

Toujours après minuit (Francia)

*A partir do imprescindible, ou do indispensable, ou do
estritamente necesario, a partir de case nada, como poder
dicir aínda ah a vida, a vida a vida!, ah o amor, o amor! ah
a morte! En calquera lugar, fóra, dentro, na casa, no teatro,
na praza, dicir: ah a vida, ah o amor o amor, ah a morte a
morte!*

A compañía escolleu distintos xeitos de conversacións
con acentos diversos, tomando formas diferentes e
empregándoas sen disocialas: movemento, o texto en tres
linguas (catalá, castelán e francés) a danza, o canto, os
ritmos procedentes de, entre outros, os zapateados e do
claqué.

‘El cómo quieres’**Toujours après minuit****Ficha técnica:**

Textos, Interpretación e dirección: Brigitte Seth e Roser Montlló Guberna

Roser Montlló

Naceu en Barcelona onde estudou danza clásica, contemporánea, baile español e teatro en L’Institut del Teatre de Barcelona, conseguindo o primeiro premio no Concurso Nacional de Danza Clásica.

Chegou a Francia en 1982 e comezou a súa carreira cos coreógrafos: Maguy Marin, Brigitte Farges, Adriana Borriello (en Italia), Angelin Preljocaj, Charles Cré- Ange e Jean-Christophe Bleton. Tamén colaborou con Tomeo Verges desde a creación da empresa Man Drake. Estudou Danza Barroca Española con Ana Yepes e Danza Barroca francesa con Francine Lancelot e Béatrice Massin.

Brigitte Seth

É autora, directora e actriz. Formouse na Escola de Artes, Técnicas Circenses e Mimo no Nouveau Carré Sylvia Monfort en París. Realizou unha xira durante tres anos co grupo itinerante Théâtre Emporté (máis tarde Zingaro): *O alquimista* de Ben Jonson, creación de *A foire aux patrons*.

Crea unha primeira empresa, o Théâtre Incarnat, da que coescribiu os dous primeiros espectáculos nos que interpreta: *Loin et longuetemps* e *Le nain*.

Como actriz, traballa con directores e coreógrafos, en particular Christine Marneffe, Jean- Marie Maddeddu, Alain Brugnago, Patrice Bigel, Eloi Recoing, Tomeo Verges, Jean-François Peyret.

Toujours après minuit

En 1997 Brigitte e Roser unen forzas e crean esta compañía. A multiplicidade de culturas e experiencias de cada unha lévaas, cando se atopan, a crear espectáculos onde o teatro, a danza e a música están vinculados. Son como se definen elas “autoras de espectáculos directoras, coreógrafas, escritoras, e intérpretes”.



Intensional Particle

Hiroaki Umeda (O Xapón)

**Xoves 18 de
febreiro, 19 h**

**Cidade da Cultura.
CINC. Auditorio 1**

Duración: 30'

Danza

Adaptación de peza a través
de vídeoconferencia en
tempo real desde Toquio

Estrea en España

Unha liña horizontal proxectada na pantalla treme. De súpeto, a liña multiplícase drasticamente coma se descargase a súa enerxía inmanente. Do mesmo xeito, cando Umeda treme no escenario, a enerxía oculta retida no seu corpo transmítese desde a pelvis á columna vertebral, aos brazos, e finalmente á pantalla, na que a enerxía se visualiza mediante liñas curvas que lembran unha coroa solar.

Cando as ferverzas e os ríos se ven de lonxe, parecen manter formas estáticas; con todo, cando un fai zoom sobre os mesmos obxectos a nivel microscópico obsérvase que están formados por movementos incesantes tales como ondas, vórtices e contracorrentes.

Baseado neste concepto creativo, en *Intensional Particle*, Umeda reinterpreta as partículas no espazo como moléculas non estáticas, senón como 'partículas activas (ou puntos de masa)'; e, visualiza, no espazo, a «forza intensional» que as partículas ocultan. As formas transitorias das partículas dixitais que formulan imaxes de sólidos disolvéndose, sublimación de líquidos e algoritmos de transferencia de temperatura e calor, sincronízanse e sintetizan cos movementos de Hiroaki, producindo un universo enteiro que baila como un organismo vivo. O residuo de calor que ferve a lume lento despois da experiencia dunha sobrecarga de información como esta permanecerá moito tempo nos corpos do público.

**‘Intensional
Particle’**

**Hiroaki
Umeda**



Ficha técnica:

Coreógrafo e bailarín: Hiroaki Umeda

Dirección de imaxe: S20

Procura de imaxe: Ludovic Burczykowski

Programación: Shoya Dozono

Edición de vídeo: Guillaume Gravier

Deseño de son e luces: S20

Producción: S20

Coprodución: Le Manège – Scène Nationale, le manège.
mons, la Gare Numérique – Jeumont, la Maison des Arts
de Créteil, Stereolux – Nantes (FR), Mapping Festival
-Xenebra (CH)



Sincro

Voadora (Galicia)

**Xoves 18 de
febreiro, 20h**

**Cidade da Cultura.
Museo Centro Gaiás.
Sala 1**

Duración: 45'

Teatro visual

Estrea en España

A noite do 1.12.1990 o meu pai desaparece. Coma se caese por un buraco, o seu corpo dilúese nun vórtice. A última vez que o viron foi saíndo da sala de festas La Luna. Aquí está a miña ferida en bandexa de prata.

M. P. Marta Pazos traballa cos puntos de unión dalgúns eventos da súa intimidade. Aqueles nos que se produce un cambio de rumbo, un encontro extraordinario que cambia a liñalidade da súa historia e lévaa por outro camiño. En moitas ocasións este camiño é en espiral. Nesta peza a artista une nun círculo o seu pasado e o seu presente a través dos dous homes que lle acompañaron nestes períodos. O seu pai (un batería desaparecido fai trinta anos en estrañas circunstancias) e o seu marido (un artista amoroso co que tivo dous fillos e construíu unha bonita vida en común). Un encontro entre o mundo do visible e o mundo do invisible. Esta obra invoca pois, ao extraordinario.

‘Sincro’**Voadora**

Ficha técnica

Idea e dirección de escena: Marta Pazos

Música orixinal e performance en vivo: Hugo Torres sobre rexistros sonoros do ano 1983 de José Ramón Pazos (Pachi)

Con: Marta Pazos, Hugo Torres e catro figurantes locais

Luces: Rui Monteiro

Coprodución: Festival Escenas do cambio e #meetyou Valladolid

Agradecementos: Padiola Rizzi. Peza creada na Scuola Conia dirixida por Claudia Castellucci e estreada no Teatro Comandini en 2020

Voadora

Voadora leva desde o ano 2007 poñendo os medios para que suceda o imposible. Cun equipo formado por artistas de diferentes disciplinas (artes plásticas, música, cinema e escena) capitaneados por Marta Pazos, a compañía sorteou as trampas da periferia converténdolas en virtudes e parece atoparse nun permanente estado de crecemento, sumida sempre nunha procura constante de novos horizontes que lle fixeron deslizarse por todos os lados da creación contemporánea sen perder nunca os seus acenos.

Voadora traballou dentro e fóra das nosas fronteiras en formatos reducidos, formatos xigantes, montaxes colectivas de índole social, adaptacións contemporáneas de textos clásicos, novas dramaturxias musicais... e un longo etcétera de incursións en xéneros nos que deixou sempre o seu sinal.

Sorprende a solidez da súa carreira fundamentada, sen máis, nunha aposta firme polo coidado de cada elemento, nunha esixencia rigorosa e un amor extremo á arte. Unha visión ética do traballo teatral, allea ao cinismo e cuxos ecos ecoan dentro e tamén fose do escenario. Pero, quizais, o máis salientable neste caso, non sexa o sinal que a compañía deixou nesas pezas, senón a pegada que todas esas montaxes deixou en Voadora, que se presenta, a día de hoxe, como unha potente máquina de xerar experiencias e preguntas sen resposta.



Suicide notes

**Marc Caellas &
David G. Torres
(Cataluña)**

**Venres 19 de
febreiro, 18h**

**Cidade da Cultura.
Museo Centro Gaiás.
Sala 1**

Duración: 70'

Teatro—música—audiovisual

Estrea en Galicia

Suicide notes pon en escena o tema do suicidio, o tabú que representa; a súa ocultación en contraste coa súa importancia e relevancia; e o feito que implica *poñer o corpo de maneira definitiva*, ou sexa a toma de decisión sobre o final da propia vida.

Como sucede noutros proxectos comúns e individuais de Marc Caellas e David G. Torres, *Suicide notes* está baseada na citación e o apropiacionismo.

Neste caso de notas de suicidio de escritores, artistas e músicos que configuran a liña argumental da peza. A iso sumamos referencias visuais da música e a arte contemporánea, máis a recompilación de datos sobre o suicidio.

Suicide notes é un concerto, un recitado, un espectáculo audiovisual e unha experiencia de catarse colectiva.

‘Suicide notes’**Marc Caellas &
David G. Torres****Ficha técnica**

Intérpretes: Esteban Feune de Colombi e Sara Vidal Caberei

Músicos: M.Ou. N. K. (Antonio Miyagi & JpBalcazar)

Iluminación: Conrado Parodi

Son: Carlos Parra

Diseño gráfico audiovisual: Ladyssenyadora

Diseño gráfico cartel: Alex Gifreu

Audiovisuais: Zoë Valls

Fotógrafa: Elena Blanco Idea

Dramaturxia e dirección: Marc Caellas e David G. Torres

Marc Caellas

É escritor, performer, director de escena e comisario de proxectos culturais. As súas últimas obras investigan sobre o real na escena contemporánea: *El inventor del paraíso* é un biodrama que ocorre nun arquivo fotográfico; *Cielo TV*, con David G. Torres, un programa de televisión a partir dunha novela de non ficción o *El alma griega*, unha proposta de periodismo performativo.

Con Esteban Feune de Colombi creou *El paseo de Robert Walser*, obra de teatro a pé que vén representando desde 2012 nas rúas de Buenos Aires, Montevideo, Bogotá, San Pablo, A

Habana, Ciudad de México, Madrid, Barcelona, Terrassa e Mallorca, Fringe (Madrid), TNT (Terrassa), Filba (Buenos Aires) ou Kosmópolis (Barcelona).

En outubro de 2018, na inauguración do Festival Internacional de Literatura de Buenos Aires, anunciaron a entrega do Premio Nobel de Literatura a Jorge Luis Borges, no que se chamou “unha reparación histórica”.

Publicou os libros *Carcelona* (Melusina, 2011), *Caracaos* (Melusina, 2015), *Drogotá* (Planeta, 2017) *Neuros Aires* (Libros do Zorzal, 2020) e *Teatro del bueno* (Teatron tinta, 2015).

David G. Torres

É autor da novela de non-ficción *Cielo* e do ensaio *No más mentiras*. Sobre algúns relatos de verdade en arte (e en literatura, cinema e teatro). A partir de *Cielo* desenvolveu diferentes proxectos: dúas exposicións en ADN Platform (*La balada de Wendy* e *Hablar por boca ajena*); e unha adaptación escénica, *Cielo TV*, con Marc Caellas.

Profesor de Arte Contemporánea na Escola Massana de Barcelona e na UAB. foi comisario da exposición *PUNK*. Os seus rastros na arte contemporánea en Mexico D. F., o Macba de Barcelona, o museo Artium de Vitoria e o Centro de Arte Dos de Mayo de Madrid entre 2016 e 2017, que presentaba o traballo de máis de sesenta artistas e un extenso catálogo. Comisariou o Pabellón Catalán e das Illas Baleares na Bienal de Venecia 2011 e de diversas exposicións Centre d'Art Santa Mònica de Barcelona, Palais de Toquio (Paris), Macro (Roma), Reikjavik Museum (Reikjavik), A Capella (Barcelona), Fundació Joan Miró (Barcelona).



Antes

Teatro Praga (Portugal)

**Venres 19 de
febreiro, 21 h**

Salón Teatro

Duración: 50'

Teatro

Estrea en Galicia

En portugués con
subtítulos en castelán

Antes é unha pequena xoia da nova dramaturxia portuguesa. Recentemente presentado en ISKV Tiyatro Festivali-Istambul, Théâtre de la Ville en París e no Hiroshima de Barcelona, o texto de Pedro Penim aborda con ironía e humor o sentimento de nostalxia, de apego ao pasado.

Presentado como un “atlas de melancolías” a performance identifica unha especie de malestar latente relacionado a eventos ancestrais, presentes en toda Europa.

Foi o noso pasado, realmente tan “glorioso” como o percibimos? E ata onde debemos identificar este antes?

Antes fala do afán de volver ao tempo pasado, entendido como glorioso e desexable ante un presente doloroso. Esta dor, compartida por moitas civilizacións ao longo da historia, diagnostica o fin dunha era. Para construír esta diagnose, Pedro Penim atreveuse a enfrontarse a un tiranosaurio rex e a un psicoanalista posmoderno bastante escéptico.

Un diálogo hilarante e amargo que ofrece “alimento para o pensamento” sobre o futuro da nosa civilización e a súa inclinación por acariñar pantasma e mitoloxías de imperios caídos.

‘Antes’**Teatro Praga**

A peza foi adaptada recentemente ao cinema (*Past Perfect*) polo cineasta Jorge Jácome (tamén responsable dos vídeos da performance) e formou parte da selección oficial da Berlinale 2019, Novos directores / Novas películas de 2019 no MoMA - Nova York e Hong Kong Festival Internacional de Cinema 2019.

Por convite en Encontros de DeVIR (e en colaboración cos Encontros de Novas Dramaturxias de Coimbra e co Teatro Praga) Pedro Penim crea un espectáculo que empezou cunha residencia no pobo de São Brás de Alportel no Algarve (ás veces chamado gharb al-andalus).

Ficha técnica

Intérpretes: Bernardo de Lacerda, Vítor Silva Costa e Pedro Penim
 Iluminación: Rui Monteiro
 Asistencia e produción executiva: Bernardo de Lacerda/
 Dirección de produción: Teatro Praga / Andreia Carneiro
 Produción: Alexandra Baião
 Vídeo: Jorge Jácome
 Fotografa: Alípio Padilha
 Texto e dirección: Pedro Penim
 Co-produción DeVIR / Capa (para a 3ª edición do Festival ‘Encontros do DeVIR’),
 Temps d’images

Teatro Praga

Naceu en 1995 e está situado na Rua das Gaivotas de Lisboa. Colabora habitualmente con algunhas das estruturas culturais máis prestixiosas de Portugal e actuou en festivais e teatros de varios países europeos (Italia, O Reino Unido, España, Alemaña, Francia, Bélxica, Hungría, Eslovenia, Estonia, Dinamarca e Polonia) en Israel e na China.

Teatro Praga é un grupo, unha federación de artistas que se recrea coa orde establecida e mira as impredecibles variacións ás que está sometido como unha forma de estender o concepto de previsibilidade.

Acostuma a responder á pregunta sobre *quen?* cunha reformulación da propia pregunta.

Pedro Penim

É un dos directores artísticos do colectivo Teatro Praga. O seu labor como director e actor tamén se estende á escritura, conferencias, tradución e formación e traballou en todo o territorio portugués así como en Francia, Italia, O Brasil, O Reino Unido, A China, Alemaña, España, Eslovaquia, Turquía, Israel, Eslovenia, Noruega e Hungría.

Recentemente, a súa obra *Antes / Before* serviu de guión para a película *Past Perfect* de Jorge Jácome, formando parte da selección oficial da Berlinale 2019. Fóra do Teatro Praga traballou coa British Forced Entertainment (*Quizoola!*, 2014), a compañía belga tg STAN (*Point Blank*, 1998), Ant Hampton e Tim Etchells (*The Quiet Volume*, 2012) e Nassim Suleimanpour (*White Rabbit*, Rede Rabbit, 2019).



O paseo de Robert Walser

Caellas & Feune de Colombi (Cataluña)

**Sábado 20 e
domingo 21 de
febreiro, 12h**

**Itinerante polas
rúas de Santiago de
Compostela**

Duración: 100'

Paseo teatral

Estrea en Galicia

Un pequeno grupo de persoas pasea pola cidade seguindo o escritor suízo Robert Walser, interpretado por Esteban Feune de Colombi. Proposta escénica a pé, inspirada no universo e con textos deste escritor da primeira metade do século XX, cada vez máis admirado nos nosos días.

No camiño prodúcense encontros, improvisados ou non, aparicións, figuras pasaxeiras que fan observar doutra maneira a paisaxe cotiá. O acto de pasear como outro modo de exercitar a mirada e de habitar o tempo, abertos, tamén, ao inesperado.

Con máis de cen presentacións ás súas costas, *O paseo de Robert Walser* percorreu xa moitas cidades de ambos os lados do Atlántico.

**‘O paseo de
Robert Walser’**

**Caellas & Feune de
Colombi**

Ficha técnica

Intérprete: Esteban Feune de Colombi

Creadores: Marc Caellas & Esteban Feune de Colombi

Esteban Feune de Colombi

Naceu en Buenos Aires. Viviu en París e Xenebra e traballa en distintas partes do mundo. É poeta, actor, fotógrafo, editor e performer.

Marc Caellas

Naceu en Barcelona. Viviu en Londres, Sao Paulo, Miami, Caracas, Bogotá e Buenos Aires. É escritor, director de escena e comisario de proxectos culturais que hibridan literatura, teatro e arte contemporáneo. Marc e Esteban crearon en Bogotá, en 2011, a Compañía La Soledad, enfocada en propostas escénicas itinerantes, performances e site- specific. As ideas e a produción de cada proxecto son de ambos: Caellas dirixe e Feune de Colombi actúa.

Converteron a novela *El paseo*, do suízo Robert Walser, nunha obra de teatro a pé que veñen representando desde 2012 nas rúas de Buenos Aires, Montevideo, Bogotá, São Paulo, A Habana, Ciudad de México, Madrid, Barcelona, Terrassa e Mallorca, en festivais como Fringe (Madrid), TNT (Terrassa), Filba (Buenos Aires) ou Kosmópolis (Barcelona), xunto a institucións como o Museo Universitario do Chopo (México), É Baluard (España) ou o Museo de Belas Artes (A Arxentina).

O seu último proxecto estreado é *Bolaño, vuelve a casa*, unha andaina apócrifa polo Raval, un paseo pola literatura, unha homenaxe ao Bolaño poeta na Barcelona de finais dos 70.



Romeo e Julieta a partir de Prokofiev

**Miguel Moreira e Útero Teatro
(Portugal)**

**Sábado 20 de
febreiro, 19h**

**Cidade da Cultura.
Museo Centro Gaiás.
Sala 1**

Duración: 75'

Teatro-danza

Estrea en España

Esta peza naceu da idea de remontar as partituras que Serguei Prokofiev creou para ballet. A primeira será *Romeo e Julieta*, que establece unha relación co autor William Shakespeare, en símbolos e formas, moitas veces asociados só a unha estética, a un tipo de bailarín e a unha forma de bailar.

Esta narrativa impulsa a revisar contextos recorrentemente distantes, mirando con outra perspectiva a historia da danza en confrontación co mundo contemporáneo, a sociedade e todas as súas iconas e valores.

No ámbito estético, revisítanse novos lugares na obra, ao relacionar toda a abordaxe clásica, co corpo investido, que non soporta a verticalidade, como se veu traballando.

William Shakespeare, unha figura 'inaxeitada', que aínda hoxe leva a imaxe do misterio (nunca saberemos realmente quen era nin como vivía), como o artista Banksy nos nosos días. Do seu traballo fixéronse películas, música, ballets, libros. O seu legado é un himno aos máxicos lugares da

‘Romeo e Julieta a partir de Prokofiev’

Miguel Moreira e Útero Teatro

incomprensión. Lugares capaces de cuestionar o noso lugar como persoas, lugares espirituais, ideais para a creación. A estrea desa obra en 1938 (*Romeo e Julieta*) xerou polémica pública, xa que non aceptaron a reinterpretación da obra de William Shakespeare con final feliz.

Ficha técnica

Intérpretes: Francisco Camacho, María Fonseca e shadoWMan

Música Prokofiev con recreación en vivo de Ricardo Toscano e João Pereira
Músico: André Fernandes

Deseño: Jorge Rosado e Ecco Mie

Procuras: Maria Mel

Vídeo: João Pedro Fonseca

Fotografa: Helena Gonçalves

Co apoio do Espaço das Gaivotas

Dirección técnica: Pedro Coias

Dirección: Miguel Moreira

Produción de Útero en coprodución co Centro Cultural Vila Flor, Cinema-Teatro Avenida, Citemor — Festival de Montemor-o-Velho, EIRA, Festival Acaso, Teatro Circo.

Miguel Moreira

Chegado á danza procedente do teatro, Miguel Moreira construíu unha forma consensualmente singular de ser e estar na danza contemporánea,

cedendo o escenario aos/ as bailaríns- autores, para que expresen nel as súas propias “fiscalidades”, sendo capaces de facer das creacións en que participan, lugares únicos de experiencia. O centro do noso traballo, independentemente de todos os elementos que compoñen unha obra, son os intérpretes”.

Útero - Associação Cultural

Está dirixida por Miguel Moreira / María Fonseca / Romeu Runa / Shadowman

O que caracteriza a Útero, en primeiro lugar, é evidentemente a súa dirección artística. Xunto a isto, e á vez, xorde o proceso e a metodoloxía utilizada nas probas e investigacións do seu traballo. O proceso en Útero é fundamental para o que define o seu traballo. Un proceso atento ás propostas de todo o equipo e, da mesma forma (regra básica de reciprocidade), esixindo o desenvolvido por ese mesmo equipo.

Nun estilo de creación onde sempre se fai fincapé no que se fai a diario, non podería ser doutra maneira. Neste senso, o proceso non é desenvolvido por un elemento onnipresente e onnipotente, senón por todos aqueles que diariamente se involucran na creación. O proceso Útero é por tanto a elaboración dun sistema vivo que vai desde as definicións estruturais teóricas, filosóficas, estéticas, históricas ata a respiración do actor / bailarín ou as texturas dun traxe.



El diablo en la playa

Matarile Teatro (Galicia)

**Sábado 20 de
febreiro, 21h**

**Cidade da Cultura.
Edificio CINC. Salón
de Convencións**

Duración: 60'

Teatro con presentación do
libro ao final da función

No principio foi o caos. Despois, con Celeste e Claudia, C e C, chegaron as tentacións. O (re)coñecemento de Celeste e a fantasía de Claudia.

Di Roy Andersson que o plano xeral, o espazo que rodea a unha persoa, di máis dela que o seu propio rostro.

Como consideraremos aquí o corpo, como primeiro plano que acompaña ao rostro e conforma o prexuízo dun estereotipo? Ou como parte do plano xeral que define unha forma de estar e habitar?

O diaño paseándose en bicicleta polas rúas baleiras, como anxo custodio sen corpo que acompañar. O errante que se equivoca e o errante que vaga sen sentido.

Reunir a Claudia e a Celeste é como convocar ao anxo e ao demo, sen tentar definir quen é que, quen é quen, ou en que momento son intercambiables.

‘El diablo en la playa’**Matarile Teatro****Ficha técnica**

Intérpretes: Celeste González e Claudia Faci
 Textos: Ana Vallés, Celeste González e Claudia Faci
 Iluminación: Baltasar Patiño e Miguel Muñoz
 Espazo escénico: Baltasar Patiño/
 Fotografía final: Rubén Vilanova
 Vídeo proxeccións: Matarile
 Vestiario: Matarile e Naftalina
 Citas/referencias: Heiner Müller, Franco Berardi, Gilles Deleuze, Eduardo do Pueyo, Rebecca Solnit, Daniel Johnston, Gregory Crewdson, Roy Andersson
 Publicación dos textos finais de *El diablo en la playa*: Edicións Invasoras
 Vídeo para difusión e Teaser: Edición Rusa
 Soporte técnico e loxística: RTA/ Matarile
 Asistencia técnica en xira: Miguel Muñoz
 Xestoría: Asesoría Cruceiro
 Promoción e difusión en medios: Juancho Gianzo
 Xestión redes: Baltasar Patiño e Juancho Gianzo
 Deseño Web e deseño gráfico: Baltasar Patiño
 Producción e distribución: Juancho Gianzo
 Dirección: Ana Vallés
 Acompañamento e agradecementos: Elisa Gálvez e Juan Úbeda, Lara Contreras, Enrique Gavilán, Jacobo Bugarín e Fany Bello

Matarile Teatro

Os seus directores artísticos, Ana Vallés e Baltasar Patiño, fundan a compañía no ano 1986 en Compostela, onde tamén son promotores de espazos de exhibición para a creación contemporánea.

En 1993 e ata 2008 crean e xestionan o Teatro Galán, espazo destinado á programación e difusión do teatro e a danza contemporáneos en Galicia. Entre 1993 e 2005 o Teatro Galán foi destinado á programación e creación, con máis 1.300 actuacións realizadas. E de 2005 a 2008 destínase unicamente á creación e residencias artísticas.

De 1995 a 2007 impulsan o Festival Internacional de Danza en espazos urbanos *En Pé de Pedra*.

En 2017 crean un espazo in-permanente de exhibición, a Sala Montiel, independente de orzamentos e normativas oficiais. Puxeron en escena máis de 30 espectáculos, incontables performances, e propostas en formato concerto, cos que alcanzou máis de vinte premios e mencións en distintos puntos de España e Europa.

Os espectáculos de Matarile e Ana Vallés presentáronse en cidades doutros países como: Boston, Belgrado, París, Novisad, Porto, Leipzig, Boloña, Dresden, Edimburgo, Almada, Bayonne, Bucarest, Rennes, Dinan, Douardenez, Lanester, Brasília, Tavira, Varsovia, Viana do Castelo, Cluj-Napoca, Timisoara.



Conversaciones 10. Sobre la distancia

Ana Matey (Madrid)

Foto: Anita de Austria

**Domingo 21 de
febreiro, 17.30h**

**Cidade da Cultura.
Torres Hejduk**

Duración: 30'

Arte en acción

**Estrea absoluta en
Escenas do cambio 2021**

A peza que a artista Ana Matey presenta no Festival *Escenas do cambio* é unha nova performance dentro da serie 'Conversaciones' a cal leva desenvolvendo desde o ano 2015.

Cada unha versa sobre unha temática diferente dependendo dos acontecementos e preocupacións que estea a vivir nese momento. Esta performance é a número 10 da devandita serie baixo o subtítulo: *Sobre la distancia. Pensar hoy en distancia...*

Cando penso en distancia, palabras como distancia, traxecto, percorrido, desprazamento, viaxe, tempo, veñen á miña cabeza. No afastado, penso o estraño, o descoñecido. No traxecto, atopo o acontecemento, o descubrimento. No desprazamento posiblemente algo novo xorde. Na viaxe, todo é novo, a paixón aparece... a aprendizaxe. No tempo, todo é, está, narración continua, fío discursivo que debuxa todo o anterior. Na distancia hai un abismo que non me permite alcanzar o outro lado, ao outro, a min mesma...
(Ana Matey)

**'Conversaciones 10.
Sobre la distancia'****Ana Matey****Ana Matey (Madrid)**

Performer, artista visual e investigadora incansable. O seu traballo é unha exploración profunda sobre os límites do corpo humano e a súa relación coa natureza, articulada principalmente a través de tres verbos crave: pasear, colleitar e desprazar.

Desde o 2001 a súa obra mostrouse en museos, galerías, teatros e espazos independentes por toda España, case toda Europa e fóra dela en México, República Dominicana, Canadá, Marrocos, Indonesia e O Xapón. En lugares como o Museo Guggenheim en Bilbao, Centro de Arte FADO en Canadá, Museo Vostell en Cáceres, Museo Reina Sofía en Madrid, Galería Sesama en Yogyakarta, Igrexa San Marcos en Venecia, Cinema Coliseum en Berlín, Museo de Arte Moderna en Tetuán, Teatro Universum en Helsinqui, Fundación Monte Verità en Suíza, Galería Dzialan en Varsovia, Galería Catalist Art en Belfast, etc.

Recibiu numerosas bolsas de creación as últimas no Centro de Arte La Regenta (2019) e o Centro de Arte Contemporáneo Ambiental Valdelarte (2020). Desde o 2006 dedícase de maneira paralela á creación ao ámbito da dinamización, investigación e formación.

Cofundadora de ElCarromato (2006/10), ARTóN (2009/14) e os actuais EXCHANGE Live Art (2012) e MATSUcreación (2012). Participa periodicamente en mesas redondas, conferencias e presentacións.



Escenas en danza

**Domingo 21 de
febreiro, 18.30h**

**Cidade da Cultura.
Itinerante en varios
espazos**

Duración: 60'

Danza

Estrea absoluta. Peza creada *ex profeso* para o festival por Begoña Cuquejo, Nuria Sotelo, Kirenia Martínez, María Roja, Clara Ferrão e Paula Quintas

Galicia conta con multitude de creadoras en continuo crecemento tanto persoal como profesional. Estas seis coreógrafas e bailarinas son un boa mostra. Todas traballan o discurso dos seus proxectos a través do movemento usando o seu corpo como o lugar da creación.

Desde o concepto do feminino os seus traballos destilan feminismo como materia conceptual e a súa estratexia non é outra que a procura constante do que a danza lles suxire para levala ao lugar que lle corresponde nas artes escénicas.

O programa *Escenas en danza* foi creado para reunir a distintas artistas galegas que, de maneira individual, pero coa idea de colectivo, traballen o espazo como unha paisaxe onde de maneira transitoria e transitable, o público poida gozar dun percorrido de danza polas entrañas da Cidade da Cultura.

Elas non bailan soas e son o claro exemplo de que a danza en Galicia é e será referente do esforzo das mulleres que bailan e non se renden e que manteñen a calidade e a tenrura por riba da in-visibilidade.

‘Escenas en danza’

Ficha técnica:

Artistas convidadas: Nuria Sotelo, Begoña Cuquejo, Kirenía Martínez, Clara Ferrão, María Roja e Paula Quintas

Percorrido:

+ *DURA* de Kirenía Martínez (Kirenía Danza)

RASTREXO EN 570 PASOS de María Roja. Peza creada en colaboración con Alba Blanco (colectivo Blanco&Roja).

CASTRO de Begoña Cuquejo_Galicia danza

MIÑAXOIA (Adaptación) de Clara Ferrão

ENTRE de Nuria Sotelo

MULTIPERSPECTIVAS de Paula Quintas

Nuria Sotelo

Intérprete de danza, teatro e de linguaxes escénicas. É directora artística da compañía de danza-teatro Licenciada Sotelo. Vencellada á danza desde a súa infancia a través do ballet, continúa a súa formación en danza contemporánea, ioga, danza butoh, teatro e voz nas Aulas de Danza e Teatro das Universidades de Santiago de Compostela e Ourense así como en talleres internacionais. Forma parte do elenco habitual de Matarile Teatro e participou como intérprete e coreógrafa en creacións de compañías de danza, teatro, circo e artistas independentes: Centro Coreográfico Galego, Femme Fatale, Experimentadanza, Teatro Resoante, Elefante Elegante, María Move Cía., Mikel Arístegui Cía., Cía. lo, Magdalena Arau, Hellen Bertels.

María Roja

Performer, actriz e artista visual. A súa obra vira ao redor do corpo como contedor do íntimo á vez que arquitectura social e política, cun marcado interese nos procesos de apropiación, incorporación e transmisión do coñecemento inmaterial, así como na súa potencia como elemento subversivo e de resistencia. É Licenciada en Belas Artes cun Máster en Artes Escénicas pola Universidade de Vigo e Titulada Superior en Arte Dramática pola ESAD de Galicia. Completa a súa formación no campo da acción da man de recoñecidos/as artistas. Forma parte do corpo colectivo transfronteirizo Límites.

No campo da interpretación desenvolveu o seu labor en compañías de artes escénicas como Matarile, Centro Dramático Galego, etc...

No campo audiovisual, rodou baixo a dirección de cineastas como Ignacio Vilar, Alexandre Cancelo ou Breogán Riveiro. No ano 2017 recibiu o Premio María Casares á Mellor Actriz Secundaria. Actualmente compaxina o labor investigador no programa de doutoramento en Creación e Investigación en arte Contemporánea da UVigo co traballo creativo nos campos das artes escénicas e visuais.

Kirenía Martínez

Bailarina, actriz e coreógrafa nada en Santa Clara (Cuba). Conta co título de Nivel Medio Superior da Educación Técnica Profesional, na especialidade de Actuación, pola Escola Nacional de Arte de Cuba; así como o título de primeiro Nivel de Bailarín de Danza Contemporánea. Directora e colaboradora artística de varias compañías, proxectos e festivais.

Co-directora e fundadora da Compañía Entremans desde (2005 ata a actualidade) tamén foi co-directora artística do Festival Quincegotas (A Coruña, do 2015 ata a actualidade) co-directora artística do Festival dous Eidos desde (2019) Co-directora artística do Festival Empape (A Coruña, do 2008 ao 2011) e directora da Compañía Kirenía Danza (2019)

Clara Ferrão

Intérprete, docente e creadora de danza contemporánea. Comeza os seus estudos en danza clásica e achégase á danza contemporánea en Madrid no ano 2003. Titulada polo Real Conservatorio Profesional de Danza Mariemma, Madrid, en ensino profesional na especialidade de danza contemporánea.

No 2015 realiza un Máster en Danza e Artes do Movemento na Universidade de Murcia. Como bailarina, cabe destacar a súa participación en eventos coa Fura dels Baus ou na peza *Garaxe* da compañía de teatro Voadora. Tamén traballa de forma colectiva como coreógrafa e bailarina colaborando con distintas compañías.

Recibe o premio á mellor intérprete no Certamen La Espiral Contemporánea de Santander en 2019 coa peza *Miñaxoia*. Actualmente traballa coa compañía “Ao-badulaque” de Cáceres, na súa nova produción *Serrana*.

Compaxina a súa traxectoria profesional como bailarina co ensino, impartindo clases regulares, obradoiros e jams en diferentes centros e festivais.

Paula Quintas

Bailarina, aramista circense, coreógrafa visual e pedagoga. Licenciada en Historia da arte, pola Universidade de Santiago de Compostela, con especialidade en arte contemporánea. Graduada en Danza contemporánea en Trinity Laban Conservatoire of Music and Dance e técnicas circenses en National Centre for Circus Arts de Londres.

Co-directora do Festival Corpo(a) Terra, Ourense, pertencente á Red Acielo Abierto, rede nacional de festivais en espazos non convencionais. Portavoz representante da Danza e o Circo na Comunidade de Galicia, en Escena Galega (Asociación Profesional de Artes Escénicas de Galicia).

Co-directora da Compañía Traspediente con diferentes espectáculos en cartel con recoñecementos nacionais.

Begoña Cuquejo_Galicia danza

Como coreógrafa recibe o Premio Injuve en 2010, foi seleccionada no Certamen Coreográfico de Madrid en 2008. Os seus últimos proxectos *Bailarina Oscila* creada con Sonia Gómez en residencia Graner e FestivAlt de Vigo, *Nomadismo relacional* (La Casa Encendida, Madrid) e a peza *#spanishwashing* con Matías Daporta.

No ámbito universitario destacan os obradoiros impartidos na HETS en Xenebra, Na Universidade de Lublin, Resad en Madrid, traballa como titora do Master en innovación pola USC.

Cofunda e dirixe a aula de danza Universitaria do Campus de Ourense (D-ou-tras). Tamén é directiva e xestora cultural durante dous anos na asociación de profesionais de Galicia Danesga, na actualidade forma parte da asociación A Performative onde dirixe o Festival EnCorpsEnSemble en Xenebra.

Como traballo comisarial destácase en 2014 o Festival de Performance no CGAC De Corpo en Lugar, e o Festival corpo(a) terra.

Grazas á súa múltiple experiencia clínica e sistémica en Hipnose é regularmente solicitada como ollo externo ou dramaturga. Traballou durante 3 anos como mediadora cultural para o servizo da cultura do concello de Meyrin, Suíza.

Castro é unha peza de danza inmersiva, que poderá ser visionada a través de dispositivos dixitais in situ, trátase dunha danza xeolocalizada, inspirada na Figura do alcalde de Ourense falecido Manuel Suárez Castro, a través da memoria ou esquecemento histórico que se poden ver debuxado no corpo dos seus familiares femininos.

Participan: Laura Iturralde e outros artistas.



Psychodrama

**Sleepwalk Collective e Christopher Brett Nailey
(España–Madrid/Reino Unido)**

**Domingo 21 de
febreiro, 20h**

**Cidade da Cultura.
Museo Centro Gaiás.
Sala 1**

Duración: 70'

Teatro experimental. En
inglés con subtítulos en
castelán.

“Penso na mente dun neno como un libro en branco” - Walt
Disney

Atravesando a salvaxe paisaxe interior da mente humana,
dous [anti]heroes improbables perseguen visións en forma
de pesadelos de liberdade a través dunha serie de episodios
de sensualidade intensa e violencia fantasmagórica.

Psychodrama é unha especie de exorcismo cultural pop,
un tren desbocado que viaxa atravesando o cranio da/o
espectador nunha sinapse chamuscada, un espectáculo
soñado, pegañento e escorregadizo, ao redor da brutalidade
dos debuxos animados e do poder corrosivo dos relatos que
se pregunta de quen son todas esas voces que hai dentro da
túa cabeza? E como chegaron alí? E, se puideses silenciar
esas voces, faríalo?

Psychodrama é a primeira peza colaborativa creada e
interpretada polo escritor, intérprete e músico canadense
Christopher Brett Bailey e a compañía de escena
experimental Sleepwalk Collective.

‘Psychodrama’

Sleepwalk Collective e Christopher Brett Nailey

Ficha técnica

Peza orixinal: Sleepwalk Collective e Christopher Brett Bailey
 Intérpretes: Iara Solano Arana e Christopher Brett Bailey
 Deseño escenográfico: Iara Solano
 Música orixinal e deseño sonoro: Christopher Brett Bailey e Sammy Metcalfe
 Voz en off: Nhung Dand
 Deseño de iluminación: Sammy Metcalfe
 Equipo técnico traducións: Iara Solano Arana
 Proxeccións: Iara Solano Arana
 Barbería: Katie Du’ Mont
 Vestiario: Paola de Diego
 Producción en España: Iara Solano Arana
 Producción en Reino Unido: Beckie Darlington
 Unha co-produción do Centro Condeduque, Theatre in the Mill, Cambridge Junction e Battersea Arts Centre.
 Co apoio do Arts Council England e HOME Manchester.

Sleepwalk Collective

É unha premiada compañía de arte en vivo e teatro experimental que traballa desde o 2006 entre España e O Reino Unido creando pezas orixinais para teatros e espazos non convencionais que emerxen da fascinación que senten pola cultura popular, a condición humana, e as novas tecnoloxías. As súas pezas combinan textos reflexivos e poéticos cunha coidada

estética, e caracterízanse por estar envolvidas nun deseño sonoro e lumínico denso e hipnótico.

Sleepwalk Collective son Iara Solano Arana e Sammy Metcalfe. Xuntos crearon unha ducia de espectáculos para teatros, unha serie de pezas intimistas en formato vis-à-vis e un gran número de accións e pezas escénicas experimentais, algunhas delas *site-specific*, para espazos alternativos e museísticos que foron programadas en catro continentes e máis de 20 países destacando The Barbican en Londres, o Festival MESS de Saraievo, o Festival de Sydney en Australia, o Festival de Teatro da Habana, ou o Festival Progress de Toronto. Os seus textos foron publicados por Oberon Books, Routledge e Salamander Street.

Christopher Brett Bailey (Canadá, 1987) é escritor, músico, creador escénico e intérprete afincado en Londres. O seu debut celebrado pola crítica *This is how we die* (2014) recibe os premios Arches Brick Award e Off West End Award (na categoría de producións que desafían definición tradicional).

Outros traballos inclúen as pezas músico-teatrais *Kissing the shotgun goodnight* (2016) e *Rated x* (2018), e a súa publicación de colección de historias *Spoken word Suicide notes* (2018). Colabora habitualmente con Made In China, Andy Field, Mamoru Iriguchi, Glen Neath & Hannah Ringham, Nigel & Louise, e o gran Ken Campbell.

Como músico, é a metade do duo ambiental *Moon ate the dark* e líder do grupo *This machine won't kill fascists but it might get you laid*. Christopher é graduado do curso de Teatro Contemporáneo East 15's do que actualmente é titor da materia de Escritura Creativa. Tras poasar por Rock School con matrícula de honra terminou un master en Writer's Block de Goldsmiths, University of London.



P

E

S

A

Z

O

S

Espazos

Museo Centro Gaiás

Cidade da Cultura de Galicia.
Monte Gaiás s/n
Santiago de Compostela



Principal escenario de Escenas do cambio desde a súa primeira edición. A súa beleza e flexibilidade converten a este edificio da Cidade da Cultura de Galicia no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais e espectáculos de artes escénicas.

Centro de Innovación Cultural (CINC)

Cidade da Cultura de Galicia.
Monte Gaiás s/n
Santiago de Compostela



Sede da Fundación Cidade da Cultura e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que aglutina os servizos tecnolóxicos da Administración galega. Ten varios auditorios para a celebración de eventos ou espectáculos, entre os que se atopa o Salón de Convencións.

Torres Hejduk

Cidade da Cultura de Galicia.
Monte Gaiás s/n
Santiago de Compostela



Deseñadas en 1992 polo arquitecto John Hejduk (Nova York, 1929-2000) como torres botánicas para o parque compostelán de Belvís, pero non se chegaron a realizar. Tras a morte de Hejduk, Peter Eisenman decidiu recuperar o proxecto do seu amigo e compañeiro en The New York Five. Soe acoller intervencións e instalacións artísticas efémeras.

Salón Teatro

Rúa Nova, 34
Santiago de Compostela



Situado na zona histórica de Santiago de Compostela dende 1920. Xestionado na actualidade pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través de AGADIC, o teatro acolle a exhibición en Compostela de todas as producións do Centro Dramático Galego — que ten aquí a súa sede—, ademais dunha programación aberta ás distintas disciplinas escénicas, á música e ao cinema.

Fundación Eugenio Granell

Praza do Toural s/n
Santiago de Compostela



A Fundación ten como propósito o estudo da obra de Eugenio Granell, do Surrealismo e de correntes afíns. Con este propósito, na súa sede, o Pazo de Bendaña, fanse exposicións temporais e outras nas que se dan a coñecer os diferentes fondos, nos que hai obras do propio artista (óleos, esculturas, debuxos, colaxes) e tamén doutros parceiros (Miró, Lam, Caballero, Copley, Rodríguez Luna, Duchamp, Steinberg, Abela, Césariny).

Gaiás, Cidade da Cultura

A Cidade da Cultura preséntase como un punto de conexión de Galicia co resto do mundo e un motor para impulsar proxectos culturais innovadores. Construída no cumio do Gaiás, un dos montes que rodean Santiago de Compostela, o arquitecto norteamericano Peter Eisenman deseñou esta “cidade” que semella xurdir da terra para erixirse como unha icona da Galicia contemporánea, dialogando coa Compostela milenaria, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago.

Este espazo, destinado á cultura, ao emprendemento e á tecnoloxía, acolle catro institucións culturais:

Museo Centro Gaiás. A súa beleza e flexibilidade convérteno no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais e espectáculos de artes escénicas. É o centro cultural e artístico da Cidade da Cultura.

Biblioteca e Arquivo de Galicia. Preservan a memoria bibliográfica e documental da comunidade e actúan como cabeceiras da rede pública de bibliotecas e arquivos.

Centro de Emprendemento

Creativo. Acolle a Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC), que impulsa o tecido empresarial no sector cultural, un espazo de *coworking*, un viveiro de empresas e unha área de empresas TIC.

Centro de Innovación Cultural (CINC).

É sede da Fundación Cidade da Cultura e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que aglutina os servizos tecnolóxicos da Administración galega.

Espazos naturais. O Bosque de Galicia, o Xardín Literario, o Xardín do Teatro e o Parque do Lago son os espazos verdes cos que conta o Gaiás. Lugares nos que gozar da natureza, descansar, practicar deporte e hábitos de vida saudables a través da súa rede de sendas e admirar novas caras da cidade de Compostela.

Accesos

—▶ Acceso peonil



ESCENAS DO CAMBIO 2021

**Festival de inverno
de teatro, danza e
arte en acción**

**18–21 feb 2021
Gaiás, Cidade da
Cultura**

cidadedacultura.gal



Colaboran:



Fondo Gaiás da empresa galega:

//ABANCA

//Afundación

INDITEX

INVERAVANTE

Naturgy

Fundación Barrié

®Sabadell

Coren

Gampra

GADIS

ETXN NOSTRA TERRA 21

Asilero BARRERAS

R

MONBUS



**Xacobeo
2021**